

I. Disposicións xerais

XEFATURA DO ESTADO

22437 *LEI 53/2007, do 28 de decembro, sobre o control do comercio exterior de material de defensa e de dobre uso. («BOE» 312, do 29-12-2007.)*

JUAN CARLOS I
REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

España, país plenamente comprometido no impulso dun Tratado internacional sobre o comercio de armas, e que apoiou decididamente en Nacións Unidas a proposta para elaborar o dito tratado, decidiu adecuar a súa lexislación sobre comercio exterior de material de defensa e de produtos e tecnoloxías de dobre uso. A crecente complexidade do comercio internacional de material de defensa e de produtos e tecnoloxías de dobre uso fai necesario que os poderes públicos emprendan unha decidida acción para lles dar resposta eficaz aos diferentes aspectos desta problemática e aos variados compromisos que asume España neste ámbito.

Desde a perspectiva da seguranza nacional e internacional, trátase de impedir o tráfico ilícito e a proliferación de armamentos e tecnoloxías sensibles a favor de Estados ou actores non estatais susceptibles de actuar contra a paz e a seguranza ou de se involucrar en actividades terroristas. Por outro lado, búscase responder a unha significativa demanda política e social de control do comercio de material de defensa e produtos e tecnoloxías de dobre uso. Todo iso sen prexuízo das lexítimas exixencias do comercio legal de armas, elemento intimamente vinculado á defensa nacional e ás lexítimas actividades de mantemento da lei e a loita dos gobernos contra o delito.

Por outro lado, a proliferación e as exportacións sen control das armas convencionais teñen un enorme custo humano. Un alarmante número de persoas morren cada día polo emprego das armas convencionais. España ten o deber de asegurar que as súas exportacións son coherentes cos compromisos vixentes de conformidade co dereito internacional e de maneira que se garanta que as ditas exportacións non fomenten a violación dos dereitos humanos, non aviven os conflitos armados nin contribúan de forma significativa á pobreza. O Goberno español debe manter tamén na súa acción exterior, sobre todo no seo da Unión Europea, unha posición activa a favor da regulación internacional do comercio de armas.

O comercio de armas está cada vez máis globalizado, as ensamblaxes finais a partir de compoñentes produci-

dos noutros países, a deslocalización de produción final, a aparición de países exportadores non tradicionais suxeitos a menores controis, a chegada a países onde non se respectan os dereitos humanos e sometidos a embargos de armas por parte da Unión Europea e de Nacións Unidas fan necesario un esforzo da comunidade internacional para lograr un efectivo control do comercio de armas que se adapte á nova realidade e ao establecemento de normas de dereito internacional.

Por todo iso, é conveniente e oportuno revisar e reforzar as disposicións legais aplicables a estas cuestións. O Acordo do Congreso dos Deputados, do 13 de decembro de 2005, insta o Goberno a presentar no prazo dun ano un proxecto de lei sobre o comercio de armas, orientado a asegurar o control das transferencias españolas de material militar, policial e de seguranza, así como de produtos e tecnoloxías de dobre uso a outros países, e a garantir a transparencia na información oficial que se ofrece sobre as ditas transferencias.

A Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, define o que se debe entender por material de defensa e de dobre uso e prevé que o Goberno aprobará as relacións de material de defensa e de dobre uso, e a Lei orgánica 3/1992, do 30 de abril, pola que se establecen supostos de contrabando en materia de exportación de material de defensa e material de dobre uso indica os requisitos, condicións e procedementos a que se suxeitarán as autorizacións.

A lexislación nacional que desenvolve o anterior é o Real decreto 1782/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso. O control das exportacións/expedicións de produtos e tecnoloxías de dobre uso foi regulado no ámbito da Unión Europea mediante o Regulamento (CE) n.º 1334/2000, do Consello, do 22 de xuño de 2000, polo que se establece un réxime comunitario de control das exportacións de produtos e tecnoloxías de dobre uso, obrigatorio en todos os seus elementos e directamente aplicable en cada Estado membro.

II

As obrigas derivadas do Tratado sobre a non-proliferação das armas nucleares, a Convención do 13 de xaneiro de 1993 sobre a prohibición do desenvolvemento, a produción, o almacenamento e o emprego de armas químicas e sobre a súa destrución, e da Convención do 10 de abril de 1972 sobre a prohibición de desenvolvemento, produción e almacenamento das armas bacteriolóxicas (biolóxicas) e toxínicas e sobre a súa destrución, obriga a establecer medidas de control sobre as transferencias dos produtos nucleares, dos axentes químicos, dos axentes biolóxicos e toxinas e dos equipamentos e tecnoloxías conexas. O incluído nesta lei enténdese sen prexuízo do indicado na Convención sobre prohibicións ou restricións do emprego de certas armas convencionais que se poidan considerar excesivamente nocivas ou de efectos indiscriminados, a

Convención sobre a prohibición do emprego, almacenamento, produción e transferencia de minas antipersoal e sobre a súa destrución, do 18 de setembro de 1997, e a Lei 33/1998, do 5 de outubro, de prohibición total de minas antipersoal e armas de efecto similar.

Por outra parte, a Resolución 1540, do Consello de Seguranza de Nacións Unidas, dirixida a impedir a proliferación de armas de destrución masiva e, en particular, impedir e contrarrestar a adquisición e o uso por terroristas destas armas; a Resolución 55/255, da Asemblea Xeral de Nacións Unidas, pola que se aproba o Protocolo contra a fabricación e o tráfico ilícitos de armas de fogo, as súas pezas e compoñentes e munições, que complementa a Convención das Nacións Unidas contra a delincuencia organizada transnacional; o Programa de acción de Nacións Unidas para previr, combater e eliminar o tráfico ilícito de armas pequenas e lixeiras en todos os seus aspectos e o instrumento sobre marcación e trazado de armas, así como a Posición Común do Consello, 2003/468/PESC, do 23 de xuño de 2003, sobre o control da corretaxe de armas, e o control da asistencia técnica en relación con determinados usos finais militares a que se refire a Acción Común do Consello do 22 de xuño de 2000, fan necesario o control das transferencias de materiais, produtos e tecnoloxías relacionados realizadas no territorio español.

Cómpre mencionar tamén a regulación comunitaria do comercio de determinados produtos que se poden utilizar para aplicar a pena de morte ou inflixir tortura ou outros tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes, establecida no Regulamento (CE) n.º 1236/2005, do Consello, do 27 de xuño de 2005. Esta normativa tivo a súa adecuada plasmación na Resolución do 20 de xullo de 2006 da Secretaría de Estado de Turismo e Comercio.

Entre outros compromisos internacionais contraídos por España están os derivados da participación española nunha serie de foros internacionais de non-proliferação tales como o Acordo de Wassenaar, o Réxime de Control de Tecnoloxía de Mísiles, o Grupo de Subministradores Nucleares, o Comité Zangger e o Grupo Australia. Neles elabóranse as listas de material militar e de produtos e tecnoloxías de dobre uso para seren sometidos a control da exportación, que inclúen vectores de armas de destrución masiva, produtos e tecnoloxías nucleares, químicos e biolóxicos, así como os relativos a armas convencionais.

A aprobación dos corpos lexislativos antes mencionados, os compromisos internacionais e o citado Acordo do Pleno do Congreso dos Deputados do 13 de decembro de 2005, ademais da continua evolución das directrices e as listas de control nos distintos foros internacionais de non-proliferação, fan necesaria a actualización da lexislación nacional. Por todo iso, a lei ten como obxectivo actualizar a regulación das transferencias do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, completando e desenvolvendo as do marco establecido pola normativa comunitaria.

III

O artigo 296 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea permítelles aos Estados membros adoptar as medidas que consideren necesarias para a protección dos intereses esenciais da súa seguranza e que se refiran á produción ou ao comercio de armas, munições e material de guerra.

As principais achegas desta lei expóñense nos seguintes parágrafos.

A lexislación española nesta materia pasa a estar constituída por unha norma con rango de lei, polo que se dispón dun instrumento que fará que os controis se exerzan con maior eficacia.

A lei recolle os oito criterios do Código de conduta da Unión Europea en materia de exportación de armas, entre eles o criterio segundo referido ao respecto dos dereitos humanos, así como os adoptados pola OSCE no Documento sobre armas pequenas e lixeiras do 24 de novembro de 2000.

Esta norma supón un avance significativo nunha serie de iniciativas internacionais relacionadas co comercio de armas e a proliferación, en particular o reforzamento do Código de conduta da Unión Europea en materia de exportación de armas, do 8 de xuño de 1998, e a negociación e elaboración dun Tratado Internacional sobre o Comercio de Armas. Estas iniciativas contaron co apoio decisivo de España e a Unión Europea, figurando España como copatrocinadora do Tratado Internacional na 61 Asemblea Xeral de Nacións Unidas. Polo tanto, é necesario que a lei permita a axilidade suficiente para que as súas medidas de desenvolvemento poidan evolucionar de acordo con estes compromisos internacionais. Para tal efecto, a lei facilita os instrumentos para a adecuada coordinación coas institucións europeas e foros internacionais, a harmonización de sistemas legais e o intercambio de información, así como a cooperación internacional e a asistencia técnica a países terceiros.

Por primeira vez, inclúese nunha norma o compromiso do Goberno consistente en presentar ao Parlamento unha información completa e detallada sobre as exportacións destes produtos, cunha remisión semestral das estatísticas e unha comparecencia anual ante o Congreso dos Deputados. Entre outros datos, o Goberno proporcionará información anual ao Parlamento referida ao uso final do produto exportado e á natureza do usuario final.

En canto á importación/introdución, mantense o control das substancias químicas das listas 1, 2 e 3 da Convención do 13 de xaneiro de 1993 sobre a prohibición do desenvolvemento, a produción, o almacenamento e o emprego de armas químicas e sobre a súa destrución, así como a colaboración con outros países, que inclúen a emisión de certificados en cumprimento de compromisos internacionais.

Por outra parte, e para dar debido cumprimento á citada Resolución 55/255 das Nacións Unidas, amplíase o control a todas as armas de fogo, ás súas pezas, aos seus compoñentes e munições, sen prexuízo do establecido no Real decreto 137/1993, do 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de armas e no Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de explosivos.

Cómpre lembrar que no referente ao sistema punitivo e sancionador, ademais do establecido polo vixente Código penal, Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, en canto ao tráfico de armas, aplícase a Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, a cal considera como delito ou infracción administrativa a exportación sen autorización, ou con autorización fraudulenta, de material de defensa ou de dobre uso.

Mantéñense a Xunta Interministerial Reguladora do Comercio Exterior de Material de Defensa e de Dobre Uso (XIMDDU), creada polo Real decreto 824/1993, do 28 de maio e o Rexistro especial de operadores de comercio exterior de material de defensa e de dobre uso, creado polo Real decreto 1782/2004, do 30 de xullo. A XIMDDU emitiu informe favorable na súa reunión do 2 de marzo de 2006.

Así mesmo, incorpórase a esta lei e por razóns de urxencia unha disposición adicional que modifica o número 4 do artigo 29 da Lei 17/2001, do 17 de decembro, de marcas, cuxo texto actual foi considerado pola Comisión das Comunidades Europeas nun ditame motivado número 2002/4972, recibido o 25 de xullo de 2006 pola representación permanente de España ante a Unión Europea, e reiterado posteriormente, incompatible co artigo 49 do Tratado da Comunidade Europea, por entender que

supedita o exercicio efectivo dos dereitos que confiren as marcas rexistradas en España á obriga de domiciliación ou de elección de domicilio en territorio español polos titulares delas.

Esta lei dítase ao abeiro da competencia do Estado en materia de comercio exterior e defensa (artigo 149.1.10.^a e 4.^a da Constitución española) e en materia de propiedade industrial no que se refire á modificación da Lei de marcas (artigo 149.1.9.^a da Constitución española).

Esta lei consta de dezasete artigos distribuídos en tres capítulos. O capítulo I contén tres artigos referentes ás disposicións xerais, o capítulo II contén o réxime das autorizacións ao longo de tres seccións e once artigos, e o capítulo III contén as medidas de control e transparencia desenvolvidas en tres artigos.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e finalidade da lei.*

1. Esta lei ten como finalidade a de contribuír a unha mellor regulación do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, evitar o seu desvío ao mercado ilícito, e combater a súa proliferación, ao tempo que se dá cumprimento aos compromisos internacionais contraídos por España a este respecto e se garanten os intereses xerais da defensa nacional e da política exterior do Estado.

2. Con estes fins, regula o procedemento de control as transferencias de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, incluídas as efectuadas nas zonas e depósitos francos e a vinculación ao réxime de depósito alfandegueiro, así como a corretaxe, os acordos de produción baixo licenza e a asistencia técnica.

Artigo 2. *Suxeitos obrigados.*

As disposicións desta lei son de aplicación a calquera persoa física ou xurídica que, de modo habitual ou ocasional, realice en territorio español as actividades descritas nela, en relación coas transferencias dos materiais, produtos ou tecnoloxías sometidos a control.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos desta lei, aplicaranse as definicións incluídas nas citadas Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, o Regulamento (CE) n.º 1334/2000, do Consello, do 22 de xuño de 2000, polo que se establece un réxime comunitario de control das exportacións de produtos e tecnoloxías de dobre uso, a Posición Común do Consello, 2003/468/PESC, do 23 de xuño de 2003, sobre o control da corretaxe de armas, e a Acción Común do Consello do 22 de xuño de 2000, sobre o control da asistencia técnica en relación con determinados usos finais militares, ou disposicións que as substitúan. Por outra parte, compromisos internacionais contraídos por España obrigan a someter a control o chamado outro material, concretamente certas armas de fogo a que se refire a Resolución aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas 55/255, o Protocolo contra a fabricación e o tráfico ilícitos de armas de fogo, as súas pezas e compoñentes e municións, que complementa a Convención das Nacións Unidas contra a delincuencia organizada transnacional, ou aos que lles sexan aplicables as condicións establecidas no artigo 8. Estas definicións reproducense a continuación.

1. «Áreas exentas»: as zonas e depósitos francos e os depósitos alfandegueiros definidos nos artigos 166 e 98,

número 2, do Regulamento (CEE) número 2913/92, do Consello, do 12 de outubro de 1992, polo que se aproba o Código alfandegueiro comunitario.

2. «Asistencia técnica»: calquera apoio técnico relacionado coa reparación, desenvolvemento, fabricación, montaxe, ensaio, mantemento ou calquera outro servizo técnico; a asistencia técnica poderá adoptar a forma de instrución, formación, transmisión de coñecementos prácticos ou de servizos de consulta. A «asistencia técnica» incluírá as formas orais de asistencia.

3. «Corretaxe»: actividades de persoas e entidades:

a) Que negocien ou concerten transaccións que poden implicar a transferencia de artigos que figuran na lista común da UE de equipamento militar dun país terceiro a calquera outro país terceiro; ou

b) Que compren, vendan ou concerten a transferencia dos ditos artigos que teñan en propiedade, dun país terceiro a calquera outro país terceiro.

4. «Declaración de exportación»: o acto polo cal unha persoa manifieste, na forma e coas modalidades establecidas, a súa vontade de incluír un produto de dobre uso no réxime alfandegueiro de exportación.

5. «Exportador»: toda persoa física ou xurídica por conta da cal se efectúe a declaración de exportación, é dicir, a persoa que no momento en que se acepte a declaración teña o contrato co destinatario dun país terceiro e estea facultada para decidir a expedición do produto fóra do territorio alfandegueiro da comunidade. En caso de que non se celebre contrato de exportación ou de que a persoa en cuxo poder estea o contrato non actúe en nome propio, a facultade de expedir o produto fóra do territorio da comunidade será resolutoria.

Por «exportador» entenderase, así mesmo, a persoa física ou xurídica que decida transmitir soportes lóxicos (software) ou tecnoloxía por medios electrónicos, fax ou teléfono a un destino situado fóra da comunidade.

Cando, de acordo co contrato que rexa a exportación, o exercicio dun dereito de disposición sobre os produtos de dobre uso corresponda a unha persoa establecida fóra da comunidade, considerárase exportadora a parte contratante establecida na comunidade.

6. «Expedición»: a saída de mercadorías con destino á Comunidade Europea, tanto se son orixinarias da Comunidade Europea como aquelas que, sendo orixinarias dun país terceiro, fosen despachadas a libre práctica no territorio comunitario.

7. «Exportación»:

i) un réxime de exportación de conformidade co artigo 161 do código alfandegueiro comunitario,

ii) unha reexportación de conformidade co artigo 182 do dito código, e

iii) transmisión de soportes lóxicos (software) ou tecnoloxía por medios electrónicos, fax ou teléfono a un destino situado fóra da comunidade; isto aplicarase á transmisión oral da tecnoloxía unicamente cando un documento conteña a parte correspondente que se le ou describe por teléfono de modo que, en substancia, se consiga o mesmo resultado.

8. «Importación»: a entrada de mercadorías non comunitarias no territorio español comprendido no territorio alfandegueiro da Unión Europea, así como a entrada de mercadorías, calquera que sexa a súa procedencia, no ámbito territorial de Ceuta e Melilla. Asímlase á importación a entrada de mercadorías desde as áreas exentas.

9. «Introdución»: a entrada na Península, Illas Baleares e Illas Canarias de mercadorías orixinarias da comunidade ou que, sendo orixinarias dun país terceiro fosen previamente despachadas a libre práctica no territorio alfandegueiro comunitario.

10. «Material de defensa»: o armamento e todos os produtos e tecnoloxías deseñados especialmente ou modificados para uso militar como instrumento de forza, información ou protección en conflitos armados, así como os destinados ao desenvolvemento, á produción ou á utilización daqueles e que se atopen incluídos nas normas de desenvolvemento regulamentario que o Goberno aprobe.

11. «Operador»: toda persoa física ou xurídica por conta da cal se efectúe a declaración de transferencia, é dicir, a persoa que, no momento en que se acepte a declaración, teña o contrato co destinatario estranxeiro e estea facultada para decidir sobre a transferencia do produto. En caso de que non se celebre contrato de transferencia ou de que a persoa en cuxo poder estea o contrato non actúe en nome propio, a facultade de transferir o produto será resolutoria. Por «operador» entenderase, así mesmo, a persoa física ou xurídica que decida transmitir soportes lóxicos (software) ou tecnoloxía por medios electrónicos, fax ou teléfono a un destino situado fóra da comunidade. Cando, de acordo co contrato que rexa a exportación, o exercicio dun dereito de disposición sobre os produtos de dobre uso corresponda a unha persoa establecida fóra da comunidade, considerarase exportadora a parte contratante establecida na comunidade.

12. «Outro material»: o material policial e de seguraza, non incluído na relación de material de defensa, cuxo control das súas transferencias estea obrigado polos compromisos internacionais contraídos por España ou aos cales lles sexan aplicables as condicións establecidas no artigo 8.

13. «Produtos de dobre uso»: os produtos, incluído o soporte lóxico (software) e a tecnoloxía que se poidan destinar a usos tanto civís como militares e que inclúen todos os produtos que poidan ser utilizados tanto para usos non explosivos coma para axudar á fabricación de armas nucleares ou outros dispositivos nucleares explosivos.

14. «Transferencias»: as operacións de «exportación», «expedición», «importación», «introdución» (incluídas as saídas e entradas en áreas exentas), a «corretaxe» e a «asistencia técnica». As transferencias inclúen as operacións referidas a doazóns, cesións e leasing.

15. «Transferencias intracomunitarias»: a «expedición» e a «introdución».

16. «Producción baixo licenza»: os acordos de produción baixo licenza, acordos de fabricación baixo licenza, acordos de coprodución, son os procesos mediante os cales unha empresa dun país autoriza unha empresa doutro país a fabricar os seus produtos no estranxeiro; adoitan incluír a transferencia de compoñentes, tecnoloxía e técnicas de produción.

CAPÍTULO II

Réxime de autorización

SECCIÓN 1.^a

Artigo 4. *Exixencia de autorización.*

1. As transferencias de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso previstas no artigo 1 realizaranse logo de autorización administrativa.

2. As solicitudes de autorización deberán ir acompañadas dos documentos de control, coa necesaria inclusión de cláusulas de non-reexportación, que se determinen regulamentariamente, de forma que quede suficientemente garantido que o destino e o uso final dos materiais, produtos e tecnoloxías se atean aos límites da correspondente autorización. Así mesmo, as solicitudes

de autorización incluírán información sobre os países de tránsito e métodos de transporte utilizados. Esta información ampliarase nas operacións de corretaxe ao financiamento utilizado.

3. Para cada autorización deberase valorar a conveniencia de establecer mecanismos de verificación, seguimento e colaboración entre gobernos.

Artigo 5. *Exención de autorización.*

Non será precisa autorización administrativa de transferencia para o material de defensa, para o outro material ou para os produtos e tecnoloxías de dobre uso que acompañen ou vaian utilizar as Forzas Armadas ou Forzas e Corpos de Seguraza do Estado español nas manobras ou misións que realicen no estranxeiro con motivo de operacións humanitarias, de apoio á paz ou doutros compromisos internacionais, así como o que acompañe ou vaian utilizar os exércitos doutros países en manobras combinadas ou conxuntas coas Forzas Armadas Españolas en territorio nacional, incluída a cesión temporal, dentro das operacións anteriormente citadas, dos materiais, produtos ou tecnoloxías anteriormente citados e a utilización do material funxible. Nestes casos, se se decide efectuar a venda ou doazón dos referidos materiais, produtos ou tecnoloxías cando xa se atopen fóra do territorio do país exportador/expedidor, deberase solicitar a correspondente autorización administrativa de transferencia, podendo efectuar a entrega dos materiais desde ou no lugar onde estivesen situados.

Artigo 6. *Resolución.*

Corresponderalle ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio resolver sobre as solicitudes de autorización que regula esta lei, agás as correspondentes aos materiais, produtos ou tecnoloxías introducidos en zonas e depósitos francos, así como de vinculación dos ditos materiais, produtos ou tecnoloxías aos réximes alfandegueiros de depósito, de perfeccionamento activo, de perfeccionamento pasivo, de importación temporal, de transformación e de transferencias temporais intracomunitarias neles, que lle corresponderán ao Ministerio de Economía e Facenda.

Artigo 7. *Prazos e efectos da resolución.*

1. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución expresa para as solicitudes de autorización desta lei será de seis meses. Transcorrido o prazo anterior sen que o órgano competente notificase a resolución expresa, os solicitantes poderán entender desestimadas as correspondentes solicitudes.

2. En todo o non previsto por esta lei e as súas disposicións regulamentarias de desenvolvemento, o procedemento para a concesión das autorizacións rexerá polo establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e nas súas normas reguladoras de desenvolvemento.

Artigo 8. *Denegación das solicitudes de autorización e suspensión e revogación das autorizacións.*

1. As solicitudes de autorización serán denegadas e as autorizacións, a que se refire o artigo 4, suspendidas ou revogadas, nos seguintes supostos:

a) Cando existan indicios racionais de que o material de defensa, o outro material ou os produtos e tecnoloxías de dobre uso poidan ser empregados en accións que perturben a paz, a estabilidade ou a seguraza nun ámbito mundial ou rexional, poidan exacerbar tensións ou conflitos latentes, poidan ser utilizados de xeito contrario ao

respecto debido e á dignidade inherente ao ser humano, con fins de represión interna ou en situacións de violación de dereitos humanos, teñan como destino países con evidencia de desvíos de materiais transferidos ou poidan vulnerar os compromisos internacionais contraídos por España. Para determinar a existencia destes indicios racionais teranse en conta os informes sobre transferencias de material de defensa e destino final destas operacións que sexan emitidos por organismos internacionais en que participe España, os informes dos órganos de dereitos humanos e doutros organismos de Nacións Unidas, a información facilitada por organizacións e centros de investigación de recoñecido prestixio no ámbito do desenvolvemento, o desarmamento e os dereitos humanos, así como as mellores prácticas máis actualizadas descritas na Guía do usuario do Código de conduta da Unión Europea en materia de exportación de armas.

b) Cando se contraveñan os intereses xerais da defensa nacional e da política exterior do Estado.

c) Cando vulneren as directrices acordadas no seo da Unión Europea, en particular os criterios do Código de conduta, do 8 de xuño de 1998, en materia de exportación de armas, e os criterios adoptados pola OSCE no Documento sobre armas pequenas e lixeiras do 24 de novembro de 2000, e outras disposicións internacionais relevantes das cales España sexa signataria. Para a aplicación dos criterios do Código de conduta atenderase ás mellores prácticas máis actualizadas descritas na Guía do usuario.

d) Cando se contraveñan as limitacións que derivan do dereito internacional, como a necesidade de respectar os embargos decretados por Nacións Unidas e a Unión Europea, entre outras.

2. En todo caso, as referidas autorizacións deberán ser revogadas se se incumprisen as condicións a que estivesen subordinadas e que motivaron a súa concesión ou cando existir omisión ou falseamento de datos por parte do solicitante.

3. A revogación ou suspensión das autorizacións requirirá a tramitación do oportuno expediente administrativo, no cal se dará audiencia ao interesado e que se axustará ao establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e as normas de rango inferior que a desenvolvan nesta materia.

Artigo 9. *Recursos administrativos.*

As resolucións que se diten ao abeiro desta lei poderán ser obxecto de recurso de alzada de acordo co artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e nas súas normas reguladoras de desenvolvemento.

Artigo 10. *Réxime sancionador.*

As infraccións á presente lei que sexan constitutivas de delito, falta ou infracción administrativa rexeranse, se é o caso, polo establecido tanto no Código penal como na lexislación especial de represión do contrabando.

Artigo 11. *Tránsitos.*

1. A Administración xeral de Estado poderá proceder á inmediata retención do material de defensa, do outro material e dos produtos e tecnoloxías de dobre uso en tránsito a través do territorio, ou do espazo marítimo ou aéreo suxeitos á soberanía española, cando se dean os supostos previstos no artigo 8 desta lei, sen prexuízo dos controis establecidos por disposicións especiais.

2. O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación comunicará periodicamente á Xunta Interministerial

Reguladora do Comercio Exterior de Material de Defensa e de Dobre Uso os tránsitos de material de defensa por territorio nacional que autorízase.

SECCIÓN 2.ª REXISTRO ESPECIAL DE OPERADORES DE COMERCIO EXTERIOR DE MATERIAL DE DEFENSA E DE DOBRE USO

Artigo 12. *Exixencia de inscrición.*

1. Será requisito previo ao outorgamento de calquera autorización administrativa das transferencias a que se refire o artigo 4 desta lei a inscrición no Rexistro especial de operadores de comercio exterior de material de defensa e de dobre uso. As inscricións no anterior rexistro especial de exportadores seguirán sendo válidas e producirán os seus efectos con relación á clase de operacións nelas indicadas, que motivaron, no seu día, o acceso do seu titular ao rexistro. A inscrición no rexistro só poderá ser realizada por parte daquelas persoas físicas ou xurídicas que sexan residentes en España, non se admitirá, como caso particular, a inscrición de sociedades domiciliadas en paraísos fiscais. A regulación específica do rexistro determinarase regulamentariamente.

2. Exceptúanse da exixencia de inscrición, a que se refire o punto anterior, os órganos administrativos correspondentes das Forzas Armadas, as Forzas e Corpos de Seguranza do Estado, os corpos de policía dependentes das comunidades autónomas e os corpos de policía dependentes das corporacións locais. As súas operacións estarán, non obstante, suxeitas ao disposto nesta lei sobre a exixencia de autorización e o preceptivo informe da Xunta Interministerial Reguladora do Comercio Exterior de Material de Defensa e de Dobre Uso a que se refiren os artigos 4 e 14 desta lei.

3. Esta exención de inscrición será tamén de aplicación ás persoas físicas cando efectúen unha transferencia de armas regulamentadas non derivada dunha actividade económica ou comercial.

SECCIÓN 3.ª XUNTA INTERMINISTERIAL REGULADORA DO COMERCIO EXTERIOR DE MATERIAL DE DEFENSA E DE DOBRE USO

Artigo 13. *Composición.*

1. A Xunta Interministerial Reguladora do Comercio Exterior de Material de Defensa e de Dobre Uso (XIMDDU) queda adscrita funcionalmente ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e estará composta por representantes dos ministerios de Industria, Turismo e Comercio, de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Defensa, de Economía e Facenda e do Interior, con categoría mínima de director xeral.

2. A Xunta axustará o seu funcionamento ao regulado na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e nas súas normas reguladoras de desenvolvemento.

Artigo 14. *Funcións.*

1. Correspóndelle á Xunta Interministerial Reguladora do Comercio Exterior de Material de Defensa e de Dobre Uso emitir informe, con carácter preceptivo e vinculante, sobre as autorizacións administrativas a que se refire o artigo 4 e a inscrición no Rexistro especial de operadores de comercio exterior de material de defensa e de dobre uso, así como da rectificación, suspensión ou revogación delas. Tamén lle corresponde emitir informe, con carácter preceptivo, sobre as modificacións que pareza oportuno realizar na normativa reguladora do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso.

2. Ao emitir os informes a que se refire o anterior parágrafo, a Xunta Interministerial Reguladora do Comercio Exterior de Material de Defensa e de Dobre Uso deberá ter en conta os criterios establecidos no artigo 8 desta lei. Polo que respecta aos informes referidos ao Rexistro especial de operadores de comercio exterior de material de defensa e de dobre uso, deberase comprobar se existe calquera documento que testemuñe a participación en actividades ilícitas do solicitante ou operador ou se non está garantida a súa capacidade para un control efectivo das transferencias dos materiais, produtos ou tecnoloxías incluídos na solicitude de inscrición.

3. Poderán ser obxecto de exención de informe previo e da presentación de documentos de control aquelas autorizacións administrativas que non contraveñan o preceptuado no artigo 8 desta lei e que se determinen regulamentariamente. En todo caso, as ditas exencións non deberán supoñer unha mingua no control exercido sobre tales autorizacións, así como na exixencia das oportunas garantías. O Goberno informará, a través do informe descrito no artigo 16, número 1, do tipo de operacións eximidas e dos criterios utilizados na aplicación das ditas exencións.

CAPÍTULO III

Medidas de control e transparencia

Artigo 15. *Medidas de control.*

1. Os titulares das correspondentes autorizacións quedarán suxeitos á inspección dos órganos do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e da Axencia Estatal de Administración Tributaria que se determinen regulamentariamente, e deberán conservar á disposición destes órganos todos os documentos relacionados coas respectivas operacións que non consten xa en poder da Administración xeral do Estado, ata que transcorra un período de catro anos contados desde a data de extinción do prazo de validez da autorización.

2. Para operacións de produtos e tecnoloxías de dobre uso, os ditos titulares quedarán, ademais, suxeitos ás medidas de control establecidas no capítulo VII do Regulamento (CE) n.º 1334/2000, do 22 de xuño de 2000, polo que se establece un réxime comunitario de control das exportacións de produtos e tecnoloxías de dobre uso.

Artigo 16. *Información e control parlamentario.*

1. O Goberno enviará semestralmente ao Congreso dos Deputados a información pertinente sobre as exportacións de material de defensa e de dobre uso, do último período de referencia, con indicación, polo menos, do valor das exportacións por países de destino e categorías descritivas dos produtos, as asistencias técnicas, o uso final do produto, a natureza pública ou privada do usuario final, así como as denegacións efectuadas.

2. O Goberno, a través do secretario de Estado de Turismo e Comercio, comparecerá anualmente ante a Comisión de Defensa do Congreso dos Deputados para informar sobre as estatísticas do último período de referencia.

3. A Comisión de Defensa emitirá un ditame sobre a información recibida, con recomendacións de cara ao ano seguinte. O secretario de Estado de Turismo e Comercio informará, na súa comparecencia anual, das accións derivadas do devandito ditame.

Artigo 17. *Outras medidas de transparencia.*

O cumprimento dos compromisos internacionais contraídos por España a que se refire o artigo 1 inclúe os

intercambios de información, como medidas de transparencia, derivados dos compromisos contraídos por España no ámbito das Nacións Unidas, a Organización para a Seguraza e a Cooperación en Europa e a Unión Europea, ademais dos distintos foros multilaterais tales como o Grupo de Subministradores Nucleares, o Grupo Australia, o Acordo de Wassenaar, o Réxime de Control de Tecnoloxías de Mísiles e o Comité Zangger.

Disposición transitoria única. *Vixencia da normativa actual.*

En canto se diten as normas regulamentarias previstas nesta lei continuarán en vigor no que non se opoña a esta o Real decreto 1782/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de control de comercio exterior de material de defensa, de material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango en canto se opoñan ao establecido nesta lei e especificamente a Lei 3/1992, do 30 de abril, pola que se establecen determinados supostos de contrabando en materia de exportación de material de defensa ou material de dobre uso.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo.*

1. O Goberno, mediante real decreto, ditará as normas regulamentarias que sexan necesarias para o desenvolvemento desta lei.

2. Os ministros de Industria, Turismo e Comercio, de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Defensa, de Economía e Facenda e do Interior, no ámbito das súas respectivas competencias, ditarán as disposicións necesarias para a súa execución e desenvolvemento.

Disposición derradeira segunda. *Recepción normativa.*

O Goberno presentará, no prazo dun ano, a actualización da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, para dar debido cumprimento aos compromisos internacionais a que se refire o preámbulo desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Actualizacións.*

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, logo de informe da Xunta Interministerial Reguladora do Comercio Exterior de Material de Defensa e de Dobre Uso, actualizará as listas de materiais, produtos e tecnoloxías incluídas nos anexos do regulamento aprobado polo real decreto que desenvolva esta lei e de acordo cos cambios aprobados nos respectivos réximes internacionais (Nacións Unidas, Unión Europea, Tratado de non-proliferação nuclear, Convención de armas químicas, Convención de armas biolóxicas e tóxicas, Acordo de Wassenaar, Réxime de Control de Tecnoloxía de Mísiles, Grupo de Subministradores Nucleares e Grupo Australia).

Disposición derradeira cuarta. *Tratado internacional sobre o comercio de armas.*

O Goberno manterá na súa acción exterior, no ámbito de Nacións Unidas así como no seo da Unión Europea, unha posición activa a favor da elaboración dun tratado internacional sobre o comercio de armas eficaz e xuridicamente vinculante, polo que se establezan normas mundiais para a transferencia de armas.

Disposición derradeira quinta. *Bombas de acio.*

O Goberno promoverá e apoiará as iniciativas nacionais e internacionais, tanto no ámbito de Nacións Unidas como nos organismos multilaterais competentes que teñan por obxectivo a restrición e, se é o caso, a prohibición das bombas de acio, especialmente perigosas para as poboacións civís.

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei 17/2001, do 17 de decembro, de marcas.*

O artigo 29.4 da Lei 17/2001, do 17 de decembro, de marcas, terá a seguinte redacción:

«Os que sexan parte nun procedemento ante a Oficina Española de Patentes e Marcas no que actúen por si mesmos e non teñan domicilio nin sede en España deberán, para os efectos de notificacións, designar un enderezo postal en España ou, en lugar del, poderán indicar que as notificacións lles sexan dirixidas por correo electrónico ou por calquera outro medio técnico de comunicación de que dispoña a oficina. Todo iso, sen prexuízo do previsto no número 2 do artigo 155 da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes.»

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor un mes despois da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 28 de decembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

22438 LEI 54/2007, do 28 de decembro, de adopción internacional. («BOE» 312, do 29-12-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

As circunstancias económicas e demográficas de determinados países, nos cales moitos nenos non puideron atopar un ambiente propicio para o seu desenvolvemento, unido ao descenso da natalidade en España, orixinaron que nos últimos anos o número de menores estranxeiros adoptados por españois ou residentes en España se incrementase notablemente. Na dita situación xorden novas necesidades e demandas sociais das cales se fixeron eco numerosas institucións tanto públicas como privadas, que trasladaron ao Goberno a necesidade de adecuar o ordenamento xurídico á realidade social actual.

O aumento de adopcións constituídas no estranxeiro supón, pola súa vez, un desafío xurídico de grandes proporcións para o lexislador, que debe facilitar os instrumentos normativos precisos para que a adopción teña

lugar coas máximas garantías e respecto aos intereses dos menores que se van adoptar, posibilitando o desenvolvemento harmónico da personalidade do neno no contexto dun medio familiar propicio. Todo iso no marco da máis escrupulosa seguranza xurídica que redonda sempre en beneficio de todos os participantes na adopción internacional, especialmente e en primeiro lugar, en beneficio do menor adoptado. O transcurso dos anos proporcionou perspectiva suficiente para apreciar a oportunidade dunha lei que puxese fin á dispersión normativa característica da lexislación anterior e reunise unha regulación completa das cuestións de dereito internacional privado necesariamente presentes en todo proceso de adopción internacional.

II

Esta lei conxuga os principios e valores da nosa Constitución coas disposicións dos instrumentos internacionais en materia de adopción que son parte do noso ordenamento xurídico. En especial, cómpre poñer de manifesto a transcendencia que teñen nesta nova ordenación os principios contidos no Convenio das Nacións Unidas sobre os dereitos do neno, do 20 de novembro de 1989, na Declaración de Nacións Unidas sobre os principios sociais e xurídicos aplicables á protección e ao benestar dos nenos, considerados sobre todo desde o ángulo das prácticas en materia de adopción e de colocación familiar nos planos nacional e internacional (Resolución da Asemblea Xeral 41/1985, do 3 de decembro de 1986), no Convenio relativo á protección do neno e á cooperación en materia de adopción internacional, feito na Haia o 29 de maio de 1993, ratificado por España mediante Instrumento do 30 de xuño de 1995.

Un referente de grande importancia en España foi o traballo levado a cabo na Comisión do Senado sobre adopción internacional, cuxas conclusións, elaboradas coas achegas de autoridades e expertos na materia, marcaron unha liña e camiño a seguir no enfoque deste fenómeno social.

En aplicación da Constitución e dos instrumentos legais internacionais en vigor para España, esta nova norma concibe a adopción internacional como unha medida de protección dos menores que non poden atopar unha familia nos seus países de orixe e establece as garantías necesarias e adecuadas para asegurar que as adopcións internacionais se realicen, ante todo, en interese superior do neno e con respecto aos seus dereitos. Así mesmo, preténdese evitar e previr a subtracción, a venda ou o tráfico de nenos, asegurando, ao mesmo tempo, a non-discriminación do menor por razón de nacemento, nacionalidade, raza, sexo, deficiencia ou enfermidade, relixión, lingua, cultura, opinión ou calquera outra circunstancia persoal, familiar ou social.

Cabe engadir que esta lei debe ser sempre interpretada de acordo co principio do interese superior dos menores, que prevalecerá sobre calquera outro interese lexítimo que puidese concorrer nos procesos de adopción internacional.

III

A lei ten por obxecto unha regulación normativa sistemática, coherente e actualizada que permite dar resposta ao fenómeno da adopción internacional en España.

O articulado divídese en tres títulos. Baixo a rúbrica «Disposicións xerais», o título I establece o ámbito de aplicación e a intervención das entidades públicas competentes en materia de protección de menores, con especial detemento na especificación das funcións que desenvolven as entidades colaboradoras na adopción internacional.